

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 27 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

- 1.1 52269 (10/POC-008084)
Grupo Parlamentario Mixto
Vázquez Verao, Paula
Sobre a información emitida o día 28 de xuño de 2019 no programa Bos Días, da Televisión de Galicia, en relación co informe de Steven Emerman referido ao proxecto para a reapertura da mina de Touro-O Pino, e a opinión da empresa Cobre San Rafael ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 509, do 22.07.2019
- 1.2 59341 (10/POC-009264)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilar Chento, Óscar e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as razóns da Dirección da CRTVG para non darlle cobertura informativa á visita realizada á Comisión de Peticións do Parlamento Europeo por varias asociacións e colectivos para denunciar o impacto medioambiental que segue a provocar a antiga mina de Touro-O Pino, que agora se pretende reabrir
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 572, do 04.12.2019
- 1.3 55536 (10/POC-008759)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre o prazo previsto pola Corporación Radio e Televisión de Galicia para a aprobación do Estatuto profesional e a creación do Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 533, do 18.09.2019
- 1.4 58792 (10/POC-009200)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre o balance que fai a Dirección da CRTVG dos espazos e outras iniciativas dedicadas á recuperación, mantemento e promoción do patrimonio galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019



- 1.5 59459 (10/POC-009280)
Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda
Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Jove González, Xan Xosé
Sobre as razóns da Dirección da CRTVG para non pactar coa Asociación de Actores e Actrices de Galicia unha mellora da cobertura e difusión da gala dos Premios María Casares, así como as actuacións previstas para a súa emisión este ano na TVG nun horario de máxima audiencia e cunha cobertura axeitada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 572, do 04.12.2019
- 1.6 59774 (10/POC-009312)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 3 máis
Sobre a opinión da Dirección da CRTVG referida á cobertura informativa que se está a dar á actualidade das políticas sanitarias de Galicia, en particular, á do peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín e da manifestación cidadá levada a cabo ao respecto o día 30 de novembro nesa vila
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 576, do 13.12.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno

Presidente da Comisión

Aurelio
Alfonso
Núñez
Centeno

Firmado digitalmente
por Aurelio Alfonso
Núñez Centeno
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=Aurelio Alfonso
Núñez Centeno,
email=aurelio.nunez.
centeno@parlamento
degalicia.gal
Fecha: 2019.12.18
11:49:38 +01'00'





Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 18/12/2019 11:49:38

